# XXIII edición da homenaxe "A escritora na súa terra - Letra E"

# MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

A Homenaxe O/A Escritor/a na súa Terra, impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), chega este ano á súa XXIII edición recaendo, por decisión unánime da súa Asemblea de Socios e Socias, na figura de María Pilar García Negro, que será homenaxeada en Lugo, terra na que naceu e se criou.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo de máis de dúas décadas como unha celebración na que a terra de orixe do/a homenaxeado/a cobra un protagonismo fundamental. É vontade da AELG honrar escritores/as procurando o contacto directo co autor/a e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe.

Unha celebración múltiple e popular na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor/a (unha peza escultórica de Mónica Alonso), a plantación dunha árbore simbólica (un magnolio elixido pola propia autora) e a colocación dun monólito conmemorativo.


asociación de escritoras escritores en lingua galega
www.aelg.gal


## ANTERIORES MERECEDORES/AS DESTE GALARDÓN

I Edición
ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS
1995 • Boa, Taramancos

II Edición
BERNARDINO GRAÑA
1996 • Cangas do Morrazo

III Edición
MANUEL MARÍA
1997 • Outeiro de Rei

IV Edición
MARÍA XOSÉ QUEIZÁN
1998 • Vigo

V Edición
XOSÉ NEIRA VILAS
1999 • Gres, Vila de Cruces

VI Edición
UXÍO NOVONEYRA (póstumo)
2000 • Parada do Courel

VII Edición
LUZ POZO GARZA
2001 • Ribadeo

VIII Edición
XOSÉ CHAO REGO
2002 • Vilalba

IX Edición
XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO
2003 • Nogueira de Ramuín

X Edición
SALVADOR GARCÍA-BODAÑO ZUNZUNEGUI
2004 • Teis, Vigo

XI Edición
PURA E DORA VÁZQUEZ
2005 • Ourense

XII Edición
MARÍA DO CARME KRUCKENBERG
2006 • Vigo

XIII Edición
MANUEL LOURENZO
2007 • O Valadouro

XIV Edición
XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR
2008 • Melide

XV Edición
AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
2009 • Vilalba

XVI Edición
MARILAR ALEIXANDRE
2010 • Santiago de Compostela

XVII Edición
PACO MARTÍN
2011 • Lugo

XVIII Edición
XAVIER RODRÍGUEZ BAIXERAS
2012 • Ribadeo

XIX Edición
MARICA CAMPO
2013 • O Incio

XX Edición
XABIER P. DOCAMPO
2014 • Castro Ribeiras de Lea

XXI Edición
XOSÉ Mª ÁLVAREZ CÁCCAMO
2015 • Vilaboa

XXII Edición
HELENA VILLAR JANEIRO
2016 • Rianxo

**11.30 Praza de Ferrol**
**Descubrimento do Monólito conmemorativo e plantación do magnolio** (árbore simbólica da escritora)
Interveñen:
- Cesáreo Sánchez, Presidente da AELG
- Lara Méndez López, Alcaldesa de Lugo
- María Pilar García Negro

**12.30 Salón de Plenos do Concello de Lugo (Praza Maior)**
**Acto de entrega da "Letra E"**

Interveñen:
- Lara Méndez López, Alcaldesa de Lugo
- Mercedes Queixas Zas, Secretaria Xeral da AELG
- Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG
- Carme Fernández Pérez-Sanjulián: Laudatio

Entrega da peza escultórica da artista Mónica Alonso
Intervención da homenaxeada: Resposta á laudatio por parte de María Pilar García Negro

**14.30 Restaurante Torre de Núñez (Estrada N VI, Km 497)**
**Xantar de confraternidade.** Aberto aos/ás socios/as da AELG, á veciñanza de Lugo e demais persoas interesadas.



Aparcadoiros recomendados: Praza de Santo Domingo, Praza de Ferrol ou na Praza da Constitución.
Hotel Torre de Núñez, estrada N VI, Km 497, Lugo.

## Concello de Lugo, 10 de xuño de 2017

"Onde está Pilar, está a Galiza". Esta afirmación, mil veces repetida, témola escoitado nos máis variados contextos; quer nun ámbito académico, en Coimbra ou Bos Aires, quer nunha reunión internacional sobre dereitos lingüísticos en Bruxelas ou Barcelona, a palabra de María Pilar García Negro traslada sempre un explícito testemuño de compromiso, cordial e ao mesmo tempo militante, coa nosa nación. Mais tamén coas mulleres, pois o feminismo é a outra liña medular do seu discurso.

Estamos perante unha figura central da vida cultural galega desde a década de 80 do pasado século, cunha actividade incesante en cada un destes campos. Docente excelente, autora de brillantes estudos sobre sociolingüística ou literatura contemporánea, recoñecida estudosa da obra de Castelao e Rosalía, deputada no Parlamento galego… todo o seu labor, desde o académico ou o divulgativo, até o estritamente político, está orientado por unha idea de servizo á nación galega e á causa das mulleres.

Falamos dunha intelectual que aplica toda a súa forza de pensadora e talento creativo ao servizo de proxectos colectivos, á consolidación dos espazos e instrumentos de noso que, con esforzo, se foron construíndo na Galiza. Falamos da ensaísta dona dun estilo inconfundíbel, ourive da lingua.


MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO



XXIII edición da homenaxe "A escritora na súa terra - Letra E"




fotografía: cortesía de Xurxo Lobato


MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO